

ESCOLA DA VIDA

Castigos educativos?

25.04.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Pedagoxicamente falando, o castigo é unha parte da educación. Un neno que non é castigado cando sobrepasa os límites que previamente lle foron establecidos, nunca respectará as normas nin a autoridade que as dispón.

Pero castigar non significa exclusivamente pegar, maltratar, atormentar ou calquera outra forma de aplicar de xeito negativo unha sanción. Castigar significa, tamén, retirar unha proposta de premio, evitar as demandas do neno cando son impetuosas ou esaxeradas ou colocar un neno nun espazo no que o seu comportamento non interrompa as accións dos outros.

O castigo é educativo cando fai repensar o comportamento impropio dunha persoa, pero para iso a sanción debe ser coidadosa tanto co feito corrixido como co suxeito penitente. Só deste xeito pode ser empregado para mellorar a súa conduta.

O neno como o adulto é un ser sociable e, polo tanto, adaptable a cada momento que lle toca vivir. Cada un ten a súa propia personalidade única e diferente dos demais, e loxicamente, esta está moi lonxe dos preceptos roussonianos do *bo salvaxe*. O escritor -que non pedagogo- que redactou os libros sobre educación: *Emilio ou Eloísa*, e que mandou aos seus seis fillos recentemente nados ao hospicio, tiña poucas ideas sobre esta tarefa, e figurouse un neno irreal ao que a sociedade pervertía. A el débémolle o nacemento da escola como hoxe a coñecemos, pero tamén o feito de pensar que o neno é inocente e, polo tanto, bo por principio.

Todos os nenos nacen cun código xenético que os fai diferentes, e nesas identidades deben ser educados, pero pensando sempre que hai que corrixirles as malas actuacións e premiarlles as boas accións. Este é un labor reservado, en principio, aos pais e aos educadores, pero cada vez vemos que máis autoridades externas están a intervir nela, impoñéndolles non só sancións aos menores senón tamén aos seus instrutores. Así vemos que a un pai ou a unha nai se lle obriga a separala do seu fillo cunha orde de afastamento, desixando este temporalmente orfo. Se un pai non actuou de forma racional para mellorar a conduta do neno, non debe facelo o xuíz, pola súa vez con el. Operemos, pois, como seres racionais e procedamos cada un na nosa tarefa con actos xustos e sensatos e non levados pola animosidade e a imposición da autoridade.